

Prólogo

Lembro que dende sempre me causaron certa animadversión as protagonistas femininas de moitos contos de fadas, como Branca de Neve, a Bela Adormecida, a se-reíña, Rapunzel etc. Resultábanme mulleres demasiado bondadosas, demasiado abnegadas e virtuosas, alén desa fermosura imprescindible para namorar un príncipe, así como a bondade infinita que zumegaba o seu carácter feito para o sufrimento e a longa espera. Posuían tamén outra virtude desaqueloutrante. Era a paciencia, que, en realidade, non consistía noutra cousa que nunha calma fonda, é dicir, pasar a vida esperando a que sucedese algo, sen participar activamente en nada. Si. A paciencia era nelas sinónimo de pasividade e, por tanto, nada desexable. No entanto, eses modelos de muller paciente íanse repetindo a medida que eu aumentaba o meu número de lecturas de contos de fadas.

Lembro tamén ler con certo desencanto as descrições referidas ao seu cabelo, sempre encaracolado e louro, á súa pel, por suposto branca, e mais á súa talla (a cintura fina, as pernas longas, o peito nin pequeno nin grande), por non falar do seu eterno sorriso debuxado nos beizos.

Eran tan perfectas que, en realidade, resultaban artificiais, ou irrealis incluso, se as xulgamos á luz dos modelos naturais porque as virtudes, físicas e psicolóxicas, das mulleres boas destes relatos se opoñían ás das outras, ás que consideraban bruxas, for disfrazadas de medias irmás ou madrastas, sempre pérfidas e malvadas ata a incerteza ou

desesperación. Naquel contrapunto estaba a virtude se cabe maior das primeiras.

No entanto, a min esas princesas dos contos de fadas da miña infancia, mais que admiración, causábanme mágoa e nunca logrei comprender como, ao final de cada conto, se sentían realizadas, pois o único que lograban na vida era casar co príncipe.

O obxectivo resultábame moi pequeno en comparanza coa perda de intensidade de vida que sufrían. Como podían ser felices aquelas mulleres se non tiñan máis profesión ou oficio que casar? Por que obviaban a felicidade das vidas plenas, entregándose a vocacións ou paixóns intelectuais e físicas, aínda que fosen inútiles? Ademais, as máis das veces sufrían toda clase de humillacións e desprezos antes de que un príncipe reparase nelas e as escollese? Tamén me inquietaba esa maneira de lle outorgaren o seu amor sen cuestionarse se, en realidade, o merecía? Por que aceptaban con tanta docilidade unha vida chea de silencios, entregas e inactividade? Era porque non imaxinaban o aburrimiento e a desidia que lles agardaba despois, cando, por fin, casaban con el? Ou era porque non se podía esperar máis da vida?

Fose cal fose a razón, non hai dúbida de que ese é un modelo feminino que para nada se parece á muller á que debemos aspirar ser.

Tiven que facerme adulta para comprender que aquel modelo era intencionadamente pedagóxico e moralizante. Aquela conduta non era inocente, pois forxaba o desexo subliminar de educar as mulleres nas virtudes que se desexaba que posuísen para preparalas así para un futuro matrimonio feliz á beira dese “príncipe”, e ese feito facía que se sentisen realizadas e que non lles importase que as sometese.

Efectivamente, os contos de fadas tórnanse guías de boa conduta que nos ensinan que, de nós imitármolas, obteremos todo o mellor que a vida nos poida dar e están pensados para

educar as mulleres na actitude perfecta para unha sociedade patriarcal, isto é, deben ser felices a pesar de ter que manter unha relación discreta co mundo, dar poucas falas, presentar unha paciencia sen límites, amosar unha dose de humildade humillante e practicar unha abnegación feliz ante actividades ben pouco divertidas, e menos instrutivas aínda, como tecer, coser, cociñar, limpar ou pasar a ferro os traxes.

Pero ese modelo non satisfai a ningún. Hai algo arredor del que zumega pasividade, sometemento, postergamento, obediencia e submisión a un ser, por suposto de sexo masculino, ao que se considera superior, que nos escolle a nós precisamente por termos esas virtudes antes referidas.

Son moitas as voces que se ergueron contra estes estereotipos femininos dos contos de fadas que encarnan modelos que remiten a comportamentos que un tipo de sociedade espera e necesita, e que por iso mesmo os potencia e promove, a través destes modelos de muller, que, a pesar de seren sometidas á dominación e obrigadas a non acción, atopan a felicidade, sempre pasiva, por suposto.

Eu tamén quixen escribir o meu, soñando a súa heroína como o contrapunto caricaturizado dese prototipo feminino como ideal a seguir. Así, forcei unha muller valente e destemida -aínda que con dúbidas e ambicións, lícitas sempre, como corresponde ao mundo real-, que non se resigna nunca a nada e que loita con paixón polo que desexa obter, sen esperar a que a vida llo regale, aínda que iso signifique renunciar a ser princesa. É unha heroína feminina que se permite o luxo de ser ela mesma, coas súas paixóns e a súa curiosidade, a súa independencia e a súa existencia plena, negándose a vivir supeditada a un home, por máis que pareza un perfecto príncipe azul.

Ánxela Gracián

Personaxes

MENDIÑA: ideal de beleza serena e etérea cun aire de distanciamento esquivo do mundo. Encarna o ideal de princesa de todos os contos de fadas. É fresca e pura coma unha fontela, bela coma un abrocho de rosa e agarimosa e doce coma unha nena. Libre e apaixonada, reborda inexperiencia e inxenuidade, tamén alegría e ganas de vivir. Vive recitando poemas de pazo en pazo e de castelo en castelo, entregada á súa profesión de xograresa.

Viste de acordo coa moda da época: brial de batista bordada con longas fitas de seda, chombra de pana negra, bastante vella xa, cabelo recollido en dúas garcetas e sandalias de coiro.

CRiado: outrora esfameado e pobre xogar, abandonou, sen pesar, o seu oficio, para servir na corte e así poder comer e beber ás cheas, pois o bandullo e o conforto son a súa máxima aspiración. Mestre da improvisación e da supervivencia, a súa memoria é unha enciclopedia de ditos, declaracións de amor e burlas. Sempre sagaz e gracioso, é, por veces, burlón e, outras, un pequeno filósofo do cotián.

Viste roupas vellas remendadas e leva a cara sucia do po dos camiños.

CAMARLENGO: egoísta, fanfurríneiro e falso, foi en outrora valente mercenario do rei. No entanto, este vello fachendoso é, en realidade, un covarde e, ante o máis pequeno dos perigos, morre de medo. Colgada do cinto, porta unha grande espada de ferro oxidado e garda na súa faldriqueira unha fardeliña de cartos, que sempre ensina para alardear do seu papel de

xefe das contas do pazo. Móvese exclusivamente por intereses económicos, polo que non pretende servir os seus amos, senón gobernalos ao seu antollo.

Viste un traxe axustado de aspecto militar, cheo de condecoracións descoloridas, cobre os ombreiros cunha capa longa e negra e na cabeza loce un vello sombreiro de plumas totalmente pasado de moda.

MADemoiselle XUXÚ: rica princesa provenzal, artificial e chea de convencionalismos, que finxe crer no amor, aínda que este só lle serve para manter a súa posición social.

Viste roupas ostentosas de volantes, lazos e puntillas confeccionadas todas en veludo de cor rosa, moi ridículas por afectadas. É unha princesa auténtica, aínda que non representa ese prefixado ideal convencional de beleza que caracteriza todas as princesas.

MERLÍN: mítico conselleiro do rei Artur, mestura de adiviño e mago, coñecedor do pasado, do presente e do futuro, así como do oculto e do visible. Gañou o respecto de Morgana pola súa bondade, sabedoría e xustiza, xa que o Merlín desta historia non se presenta coma o seu rival habitual, respecto de conxuros e nigromancias, senón coma o seu aliado e amigo máis fiel, que a axuda en todas as empresas que a dama emprende, sempre a favor da igualdade das mulleres no mundo. Nesta ocasión, deben resolver xuntos un conflito de amor romántico que ten preocupada á fada.

O seu aspecto é salvaxe e lembra os vellos druídas celtas que viven nos bosques. Vai sempre descalzo e viste capa ampla e sombreiro negro de feltro con pluma de miñado. Ten barbas longas e brancas e guedellas paternais.

MORGANA: muller belísima, de ollos verdes coma as plantas do fondo dos regatos. A súa face é extremadamente branca, o

que contrasta co seu longo cabelo negro acibeche. A Morgana desta peza é unha muller libre, que non só non admite ordes dos homes nin somete a eles a súa existencia, senón que dedica a súa vida á loita pola abolición dos valores do mundo patriarcal, facendo súa a misión de lograr que todas as mulleres do mundo sexan donas da súa vida e fieis aos seus desexos.

Nesta ocasión chama polo seu amigo, o mago Merlín, para pedirlle consello. O encontro deles dous ten lugar no máis mesto do bosque, xusto no punto en que este é atravesado por un camiño principal, o Camiño a Compostela, pois é aquí onde Morgana é capaz de acumular o seu máximo poder: ese que lle permite, mediante o coñecemento das herbas e das plantas, dominar as imaxes, creando con elas formas ilusorias que, coma espellismos sobre a auga, traslada persoas e obxectos de lugar.

PRÍNCIPE AZUL: galán máis paifoco que inxenuo, aínda que se comporta coma un tenro namorado. Moi vaidoso e fanfurríñeiro, nado príncipe, non ten que superarse en nada, nin demostrar nada ante o mundo, pois todo lle vén dado pola súa condición real. Non é un ditador, pero considera os seus privilexios un dereito de berce, polo que exerce con todas as persoas que o rodean unha sutil, e por veces non tan sutil, tiranía, pois entende que todo se debe facer segundo a súa vontade e capricho.

Malia a súa condición de galán, dotado de calidades físicas e dunha certa retórica, resulta un pouco pedante e, sobre todo, moi aburrido. Vai moi traxado, cunha roupa algo axustada de máis, o que non lle axuda a disimular o seu pequeno bandullo, froito do vivir folgado, entregado en demasía aos praceres da mesa e do repouso sen fin.

Leva capa negra longa de veludo ao ombreiro con reberetes de armiño, calzóns elegantes, camisa de brancos colos amidonados e sombreiro emplumado.

REIS DO NORTE: adineirados membros dunha próspera realeza medieval, creada pola desigual repartición da riqueza, propia das sociedades estamentais da vasalaxe e preitesía.

No entanto, os reis desta peza fan gala da súa sinxeleza no vivir e son bastante humanos, liberais e, mesmo, simpáticos, amosando elevados sentimentos no que se refire ao dereito á liberdade de todo casamento, que reivindican por riba de todas as riquezas.

REIS PROVENZAIS: son a antítese dos anteriores, fanfurriñeiros, pendentes sempre das aparencias, o diñeiro ocupa a cúspide na súa escala de valores, aínda que se atopan en franca decadencia económica.

Teñen unha filla con poucas calidades físicas e morais e sábeno, por iso están dispostos a pagar o dote que sexa preciso con tal de casala dentro das convencións sociais da época, é dicir, cun príncipe.

Amosan ao mundo o seu refinamento, sempre falso, así como unha superficial admiración polas artes nobres do teatro, a música e a poesía, pero, no fondo, todo neles é un formalismo requintado carente de fondo.

ACTO I

Escena primeira

(No centro dun escenario vemos un camiño principal atravesado por unha carballeira inmensa iluminada polo luar. Voando grazas á maxia dun paraugas intensamente azul, (que lle regalou outrora Felipe de Amancia, cando este servía en Terras de Miranda) o mago Merlín, pousa no chan, coa levedeza grácil dun paxaro. Alí está esperar por el a fada Morgana, que, sentada nun recanto do escenario, axexa a fraga, cun deses anteollos antigos de observar as estrelas, detendo a súa esculca no corazón daquela espesura)

MERLÍN: *(facéndolle unha reverencia)* Como está hoxe a fada Morgana a cuxos poderes todos se renden?

MORGANA: *(respondendo con outra reverencia aos seus modais cerimoniais de mago famoso e remirado)* Ai, Merlín, *(misteriosa)* o Dragón Vermello quere levar a Filla do camiño para o seu reino...! Se non o detemos, temo que a moza xa nunca máis sexa dona de si!

MERLÍN: *(contundente)* Tranquila, querida! A alquimia operará en canto a invoquemos.

MORGANA: Cres que temos abondo poder para lograr que todo suceda no ámbito da luz, é dicir, no do soño?

MERLÍN: Se xuntamos as nosas forzas, o que existe de verdade permanecerá, perdéndose tan só o que non é sincero!

MORGANA: (*preocupada*) E se o Camiño se torna un lugar desdeñoso e escuro, imposible de dominar!

MERLÍN: (*convencido*) Debes ter fe en min, que sempre fago valer a xustiza e a verdade!

MORGANA: Estás seguro? Sabes ben que é moi importante para min que non se cometan máis abusos contra as mulleres.

MERLÍN: Por suposto, querida! Abonda un pouco de lume (*xuntando unhas ramalladas para facer unha fogueira*) e que esa tal Mendiña da que me falaches desexe de corazón a súa liberdade. (*Pedíndolle os anteollos levado pola curiosidade*) Por certo, onde está?

MORGANA: (*tendéndolle ao mago os anteollos*) Velaí vai andando polo camiño.

MERLÍN: (*fixando os anteollos no punto indicado por Morgana*) Vaites, pero, que boa moza é! (*soñador e namorado*) Cando me mandaches recado de que viñese axudarche a mirar por ela, non me dixeches que era tan fermosa! (*coa voz afectada de paixón*)

MORGANA: (*preocupada*) A ver se resulta que agora o famoso mago Merlín se vai tornar vítima dese amor romántico que entra polos ollos e non pousa na realidade?

MERLÍN: (*namorado*) Viva os soños, neles todo é posible!

MORGANA: (*quitándolle os anteollos para evitar que siga contemplando a Mendiña*) Estás aparvado, ou que che pasa?

MERLÍN: *(desesperado apalpando o ar e fregando os ollos)* Onde vas, Mendiña? Por que xa non te contemplan os meus ollos? *(poético)* Son certamente cego, *amore mío?*

MORGANA: Claro que es cego coma todos os namorados. Se non o foses, decatáriste de que o que debemos facer é impedir que o Dragón Vermello lle roube a liberdade.

MERLÍN: *(mirando de novo a moza polos anteollos)* E se deixamos que as chamas falen?

(A fada Morgana sopra nunha fiaña de vento, que se converte en faísca de lume, esta deseguida prende nunhas ramalladas secas e as lapas medran ata se tornaren linguas de lume de cor vermella intensa, que forman unha boa cacharela, sobre a que Merlín coloca un trespés cun caldeiro de auga enriba que ferve deseguida, despedindo un intenso fume azul tan mesto que fai que non se albisquen nin sequera os contornos das personaxes)

MORGANA: *(preocupada esculcando polos anteollos a Mendiña perdida na néboa)* Ai, Merlín, pasácheste! Con tanto fume non logro vela!

MERLÍN: *(soprando nas lapas para que ardan con máis forza)* Como ousas chamarlle fume á miña maxia, querida? É néboa, néboa céltica, traída dos mares de certas illas míticas coma Avalón e a illa de Ons!


MORGANA: Néboa ou fume tanto dá! O caso é que nos permita saber que acontece no corazón arroutado da nosa xograresa!

MERLÍN: Ten fe en min e na maxia da manteiga da cache da meiga.

(Morgana esculca no caldeiro, coma se nesa fervura de apócemas intensamente azuis estivese escrito o destino da poeta. Allea a aquel intenso fume azul que se apodera de todo o escenario, Mendiña abandona o camiño para alpeirar por un carreiro que conduce a unha fonte que alí agroma ruxidoira. Ao chegar a ela, ve un cervo bebendo, ao tempo que, coma nun eco, soa unha música antiga de laúde, que intensifica o seu son. A moza enche a cunca das mans con aquela auga cristalina e lévaa aos beizos)

MENDIÑA: *(sen reparar na presenza do cervo, que tamén bebe canda ela)* Que delicia, que frescura! *(con sede)* Sempre tivo boa auga esa fonte! Sen dúbida, a mellor de todo o camiño!

(De súpeto, óese o boureo atronador dun galopar de cabalos que se achegan ata a fonte onde están bebendo Mendiña e mais o cervo. Tirada por eles, vese unha carroza moi enfeitada, con moitos estandartes e abelorios. Na parte traseira, trae unha sirena que chifra moi alto e esfacharea con luces intermitentes, coma se pedise paso. Todos poden ver un letreiro ben grande, escrito con letras azuis, que leva colgado. Este di así:



CARROZA REAL CON
PRÍNCIPE AZUL DENTRO
NA PROCURA DE PRINCESA
ROSA PARA CASAR

MORGANA: *(vendo o tráxico destino da moza nas arandelas labirínticas da auga que ferve, pecha os ollos ante o inminente desastre)*
Coidado, rapaza! Afástate de aí xa! Vamos, bule!

(No entanto, a xograpesa, embargada por aquela música antiga, comeza a cantar e bailar, allea á carroza, mais, como por arte de maxia, afástase do camiño, xusto no intre en que pasa a fume de carozo a carroza salpicándoa de po)

MERLÍN: *(cara ao público con cara de pánico)* Quedou por un tris! Menos mal que interviñeches, Morgana, senón, coa présa á que van os do carro, non lles daba tempo a deter os cabalos!

MORGANA: *(trugándolle un ollo)* Se a miña maxia non funcionase, non imaxinas cantas mozas perecían por culpa de homes tolos coma este que andan na busca cega de amor!

(Allea á cacharela de Merlín e Morgana, Mendiña olla a rodeira que deixou no camiño aquela apresurada carroza real)

MENDIÑA: *(espelindo o traxe e suspirando de alivio)* Vaites! Creo que se me paralizou o corazón do susto. *(Pensativa)* En que estaría cavilando eu que non oín vir esta carroza? *(ollando para ela)* Por certo, que asunto os guiará? Haberá un recitado nalgún castelo ou pazo? *(comprobando unha taboíña que leva na faldriqueira e que lle fai as veces de axenda)* Pois non! Non hai! *(cavilosa)* Daquela, de que se tratará e por que levará tanta présa esa carroza de xograpes e xograpesas? *(mirándoa con detemento)* Vaites, non é unha carroza de xograpes e xograpesas! Entón, se non son músicos, quen irá dentro? *(lendo en voz moi alta o letreiro da carroza):* “Carroza Real con Príncipe Azul dentro na busca de Princesa Rosa para casar”. Vaites, chéirame a can!